

**CONCELLO
DE VIGO**



***A NOITE BRANCA
DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS***

VENRES, 14 DE AGOSTO DE 2020

DE 20:00 A 02:00 HORAS



INTRODUCCIÓN

A Noite Branca é un proxecto ilusionante, que desenvolvemos no Concello de Vigo, para disfrutar e mostrar os museos e centros culturais da cidade, nunha xornada singular na que as coleccións e as exposicións revístense de extensións musicais e outras actividades para mellor saborear o noso patrimonio.

Esta edición de 2020 ten que adaptarse á nova normalidade e polo tanto o goce da cultura non pode ter a dimensión extensiva das edicións precedentes; aínda así, pensamos que esta idea de “noite branca” había que mantela, non deixala pasar, para conservar a súa intención inicial á espera dunha nova ocasión ben ampla, na que tamén recuperemos a presenza de todos os centros que non van poder estar e que xa eran habituais.

A iniciativa contén a súa filosofía de gratuidade, sustentabilidade e participación e seguimos convidando ao público de todas as idades a participar nesta experiencia enriquecedora.

Esta Noite Branca, vai caracterizarse pola distancia interpersoal e polas medidas de prevención da Covid19, pero ten que ser tamén a edición da esperanza e dos mellores sentimentos persoais.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE CONTAXIO DA COVID-19

Nas actividades da Noite Branca 2020, serán de aplicación todas as normativas das autoridades sanitarias sobre prevención do contaxio da Covid19 e particularmente as seguintes:

- Só se permitirá o acceso e a permanencia nas salas de exposicións ata completar a capacidade máxima do local.
- A capacidade máxima das salas estará exposta no acceso e non poderá ser superada en ningún momento.
- Será obrigatorio o uso de máscara na sala de exposicións e no interior dos edificios, de forma permanente, dende o momento da entrada.
- Manterase en todo momento a distancia de seguridade interpersoal de alomenos 1,5 m e estableceranse informacións sobre os sentidos de circulación nas salas e nos edificios.
- As persoas asistentes á actividade utilizarán as solucións hidroalcohólicas dispoñibles nos accesos.
- Non se facilitará ao público ningún tipo de información en soporte papel; as informacións sobre as actividades estarán dispoñible nas salas a través de códigos QR.
- No caso dos concertos musicais, aplicaranse tamén estas medidas, tales como obrigatoriedade de uso de máscara, aforos reducidos e sempre con cadeiras, solucións hidroalcohólicas dispoñibles nos recintos de actuación, control de accesos nas entradas e saídas dos espazos habilitados para o público...



INFORMACIÓN E RESERVAS

INFORMACIÓN. 010 SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ

Horario de servizo: Luns a venres de 8:00 a 20:00 h

Sábados de 10:00 a 14:00 h

Forma de contacto: Dende Vigo marcando 010.

Fóra de Vigo e dende móbiles 986 810260

Correo electrónico: 010@vigo.org

www.vigo.org

RESERVAS PREVIAS

Compre reserva previa para algunhas das actividades e obradoiros do programa “Verbum creativo”.

As reservas realizaranse entre o mércores 12 e o propio venres 14 de agosto, mentres haxa dispoñibilidade e un máximo de 4 persoas por reserva, segundo o seguinte:

SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO RMM

De luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h

Tfnos: 986 240 130 ou 619 948 920; mail: reservas.aprmvigo@gmail.com



PROGRAMACIÓN POR CENTROS

MONTE DO CASTRO

*** CONCERTOS NA PROXIMIDADE**

Mirador enriba do Monumento á Batalla de Rande.

21:00 h: ATLANTICA.

Transpórtanos a terras próximas e lonxanas, a través das músicas que navegan no noso mar. O fado, o son, a cantiga galega, músicas de Cabo Verde a Arxentina, que reflexan o eterno navegar; a veces sereno e suave e, enérxico e intenso.

Duración estimada: 50 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo acotado.

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

Parque de Castrelos

*** PAZO-MUSEO. VISITAS**

Horario de apertura: de 20:00 ata as 02:00 h

*** EXPOSICIÓNS:**

*** COLECCIÓN ARQUEOLÓXICA.**

*** RECREACIÓN DO PAZO GALEGO E COLECCIÓN DE PINTURA ANTIGA E ARTES DECORATIVAS.**

*** CONCERTO:**

21:00 h: GRUPO 1500 DE MÚSICA ANTIGUA. "A música e o mar".

Adro de pedra do xardín dianteiro do Pazo de Castrelos

O grupo interpretará unha selección de músicas da Idade Media e Renacemento, evocadoras do mar.

Duración estimada: 50 minutos

Entrada libre ata completar capacidade.



PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

Rúa Abeleira Menéndez, 8

* Ampliación de horario de apertura.

Ata as 02:00 h

* EXPOSICIÓNS:

* **“MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN. NOVAS INCORPORACIÓNS DE ARTE GALEGA, 2015- 2020”. Planta baixa**

O museo municipal de Vigo “Quiñones de León” presenta con esta exposición unha selección ampla dos fondos que ingresaron na súa colección de arte galega nos últimos cinco anos.

Maioritariamente estas obras chegaron ao museo por doazón. Ingresaron así conxuntos amplos de autores que ata o de agora non tiñan representación ningunha na colección; destacando o caso do gran artista Tomás Barros que, tras un relativo esquecemento, está a concitar crecente interese por parte da crítica especializada. Xunto a este conxunto preséntanse, dos mesmos doantes, as dúas extraordinarias series de tintas que Isaac Díaz Pardo produciu para os proxectos literarios de Barros.

Coas novas incorporacións outros pintores reforzaron a súa presenza na colección municipal. É o caso dos grandes paisaxistas Abelardo Bustamante ou Carlos Sobrino; o do pintor compostelán López Garabal; ou do lembrado Xosé Guillermo, pintor con forte proxección en Vigo do cal se presenta un singular autorretrato.

Como depósitos temporais o museo ten recibido a confianza de dúas importantes institucións. Do ámbito estatal o MNCARS, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, quen volveu negociar co Quiñones o seu antigo depósito, ofertando magníficos exemplos de Xosé Freixanes - sen representación na colección ata este momento- ou Colmeiro.

En segundo lugar o Concello de Vigo, moi atento a colaborar coas entidades locais, brindouse a custodiar temporalmente a pequena pero moi interesante colección do Círculo Mercantil de Vigo e da cal se mostra aquí unha selección formada por autores como Lodeiro, Sevillano, Sobrino ou Antonio Fernández.

* **“A NOVA COLECCIÓN COLMEIRO”. Planta terceira.**

Manuel Colmeiro Guimarás (1901- 1999) está considerado un dos membros máis destacados do grupo de *Os Novos*, artistas galegos que, cara a década dos 30 do pasado século XX, renovaron á linguaxe artística de Galicia ao incorporarlle as revisións que a arte experimentaba en Europa desde finais do século XIX. Dentro de *Os Novos*, e posteriormente ao longo de toda a súa carreira, Manuel Colmeiro amosará unha personalidade única que, en permanente e coherente evolución artística, farano referencia imprescindible na historia da arte galega contemporánea.

O 17 de novembro de 2017 o Concello de Vigo recibe dos herdeiros do Manuel Colmeiro un importante conxunto de obras do pintor formado por 21 óleos e 145 obras sobre papel.



Esta nova colección Colmeiro só caber valorarse como excepcional pola ampla súa cronoloxía; pola súa variedade de temas e técnicas; pola certa calidade das obras, especialmente dos óleos pero tamén de series sobre papel como “Os desastres da Guerra”.

* CONCERTO:

22:00 h.- ORDET. Planta primeira

O adxectivo que mellor define a Ordet é o de Sound Art. A súa proposta é arriscada tanto no que se refire a composicións musicais como ás súas letras. Vídeo e música experimental baseada nunha concepción ecléctica da composición e improvisación.

Duración estimada: 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo.

CASA GALEGA DA CULTURA

Praza da Princesa, 2

* Ampliación do horario de apertura

Ata as 02:00 h

* EXPOSICIÓN:

* **“75 ANIVERSARIO DO CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA”**

Trátase dunha exposición de contido documental, que mostra as distintas fases polas que pasou a entidade, dende os anos 50 ata a actualidade. Documentos, fotografías, un manuscrito de Don Ramón Otero Pedrayo (socio de honra do club), material deportivo da época, etc..

* **“MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”**

* CONCERTO NA PROXIMIDADE

24:00 h: FRASQUITA VINTAGE. Praza da Princesa.

A banda viguesa achega o swing e Blues dos anos 20-40 aos nosos tempos. Combinan a súa actuación musical co baile a través do claqué ao estilo dos bailaríns afroamericanos “hoofers”.

Duración estimada: 50 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo acotado.



CASA DAS ARTES

Policarpo Sanz, 15

* Ampliación do horario de apertura

Ata as 02:00 h

* EXPOSICIÓNS:

* **INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN “SILVERIO RIVAS. MENTE-MATERIA”.** *Planta baixa. 20:00 h.*

Silverio Rivas, Mente / Materia é unha exposición que ofrece unha síntese do traballo que Silverio Rivas (Ponteareas, 1942) vén realizando nos últimos cincuenta anos.

Comisariada por Javier Pérez Buján, a exposición ofrece unha cartografía da súa traxectoria, partindo dunha estudada ocupación do espazo, estruturado a partir de tensións provocadas pola utilización de diferentes escalas, texturas, orientacións e cromatismos que van modulando o ritmo do seu percorrido.

Mente / Materia mostra a preocupación de Silverio Rivas polo equilibrio entre ideas opostas como *gravidade / levidade; baleiro / cheo; interior / exterior; xeométrico / orgánico*, ideas que van configurando un corpus artístico que atopa a súa razón de ser na exploración dos límites expresivos e plásticos, evidenciando un pensamento utópico que xera novas relacións entre obxecto e suxeito.

* **“COLECCIÓN LUIS TORRAS”.** **EXPOSICIÓN PERMANENTE.** *Planta segunda.*

* **“FUNDACIÓN LAXEIRO”.** *Planta terceira*

- **“EXPOSICIÓN PERMANENTE”.**

- **“ELISA TERROBA. TECER OS REFERENTES”.**

Despois do éxito colleitado na última edición da Feira Estampa en Madrid, coa galería La Gran, a artista malagueña Elisa Terroba chega á Fundación Laxeiro para presentar a súa primeira exposición individual en Galicia.

Comisariada por Yaiza González e Pedro Gallego de Lerma, *Tecer os referentes* propónse como un exercicio de post produción co que a artista busca desmontar, disolver e fragmentar o libro para volvelo montar de forma diferente, deconstruíndo e pervertendo as súas estruturas, construíndo unha nova orde matemática e incidindo na realidade híbrida que o libro vive na actualidade e na modificación da súa linguaxe na sociedade dixital.

O proxecto enmárcase na investigación que a artista leva realizando nos últimos anos sobre o significado do libro como ferramenta de transmisión de coñecementos.



**- “SON EU. 18 AUTORRETRATOS DE LAXEIRO. DA AFIRMACIÓN Á
DISOLUCIÓN DO SUXEITO”**

Os dezaioito autorretratos compoñen, no seu conxunto, un percorrido excepcional da evolución plástica do artista, mais tamén da evolución do xénero do retrato ao longo do século pasado, ademais de supoñer unha oportunidade única para comprobar de primeira man, as diferentes interpretacións que o artista fixo de si mesmo, en diferentes técnicas como o lapis, o carbón, a tinta e o óleo, a través de sesenta anos de traxectoria. Comisariada por Carlos L. Bernárdez, o proxecto analiza a evolución da autorrepresentación do artista e a representación do rostro humano dende a época das vangardas ata o último terzo do século XX. A expresión *Son eu*, escrita polo pintor nalgunhas das pezas expostas, serve de punto de partida para afondar nesa interpretación do propio rostro e da identidade subxacente que todo retrato leva implícita.

* CONCERTO

20:30 h: ELISEU MATOS. Planta primeira.

Eliseu é un dos grandes novos cantores de Portugal. Guitarrista formado na música clásica dende moi novo, para continuar estudos dentro do Jazz, converte todo este aprendizaxe nun xeito de crear un pop propio de marcado carácter intimista.

Duración: 45 min.

Entrada libre ata completar a capacidade do espazo.



MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa do Príncipe, 54

* Ampliación do horario de apertura

Ata as 02:00 h

* EXPOSICIÓNS:

* **MANUEL COLMEIRO. ESPAZOS E ENCADRAMENTOS. Salas do primeiro andar**

Como inicio da programación 2020, o MARCO inaugurou unha mostra de produción propia, comisariada por Xosé Carlos López Bernárdez, que ten como obxectivo ofrecer unha nova ollada sobre a obra dun dos pintores chave na historia da arte galega: **Manuel Colmeiro**.

Baixo o título ***Espazos e encadramentos***, e conformada por unha selección de obras procedentes do comodato e de diferentes coleccións, acompañadas de material documental, a mostra configúrase a partir dunha coidada investigación e relectura do sentido, obxectivos e incidencia da obra de Colmeiro. Unha visión diferente, máis contemporánea que historicista, que intenta achegar novas lecturas e enfoques. Faise especial fincapé na implicación do artista nos debates arredor da figuración na Europa e América dos anos vinte e trinta, os debuxos de guerra, e outros momentos menos coñecidos do seu traballo.

* **“YOLANDA HERRANZ. ...NO AÚN NO...”. Sala de proxectos (1º andar)**

Con ...NO, AÚN NO..., de Yolanda Herranz, o MARCO dá visibilidade a unha artista máis ocupada en animar e facer posibles proxectos colectivos e presentacións de grupo ca en resaltar o seu traballo individual, dunha sorprendente coherencia.

A proposta céntrase nas obras nas que xoga co sentido e forza dos conceptos, co poder da mensaxe, da intención. A palabra convértese en dimensión e enerxía escultórica.

* CONCERTOS NA PROXIMIDADE

Rúa Londres, detrás do MARCO.

23:00 h: SON TRIO.

Interpretan os temas do seu primeiro disco. Miña Almiña, na que poñen música a unha escolma de poemas de Follas Novas de Rosalía de Castro, completando o repertorio con versións propias de cancións populares galegas e pezas nas que poñen son a outros poetas galegos.

Duración estimada: 50 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo acotado.



01:00 h: HIGHT PAW.

É unha singjay (cantante e MC) de Vigo nada en 1993. A súa faceta de escritora comeza a tomar forma aos 15 anos e entre parques e escenarios libera a súa voz influenciada polos grandes cantantes da música negra, pero nunca privando ao oído dos estilos máis variados.

Duración estimada: 50 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo acotado.

MUSEO LISTE-Etnográfico de Vigo

Rúa Pastora 22

* AMPLIACIÓN DE HORARIOS DE APERTURA.-

Ata as 01:00 h

* ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

20:00 h. “O Recanto de Molist”.

Inauguración na Sala da Luz da colección de faros de bicicleta que acolle en depósito o Museo, pertencentes a D. Luís Molist Rodríguez. Presentan: Carmen; Pilar e Luís Molist.

Recepcións ata completar aforo

20:30 h. “Festas gastronómicas galegas no verán e cocineiras de batalla”

Charla a cargo de Xavier Castro Pérez, catedrático de historia e escritor, experto na historia da alimentación en Galicia.

Comisario da exposición temporal que exhibe o Museo : “A Mesa Farta: etnoloxía e cultura alimentaria de Galicia” .

Duración: 1:30 h.

Reserva Previa: 986 244698 repcion@museoliste.org

Recepcións ata completar aforo .

21:30 h. e 23:30 h. Pases guiados: especial Familia Etnográfica

Guiados pola exposición permanente e temporais: “A mesa farta”; “Do paínzo ao millo”, no que se poderá contemplar, ademais, unha escolma de pezas doadas pola “Familia Etnográfica” nos derradeiros anos.

Duración: 1 h. Por pase

Recepcións ata completar aforo.



VERBUM-Casa das Palabras

Avda. de Samil, 17

* Ampliación de horario de apertura

Ata as 02:00 h

* **EXPOSICIÓN PERMANENTE.**

* **“VERBUM CREATIVO”**: Concebido como un espazo de conciencia, experimentación e creación baseado nas propostas de artistas de diferentes disciplinas, onde o público poderá participar nalgunhas delas.

* **Instalación "Sombras"**: Proposta baseada na arte contemporánea e a exploración sensorial, que pretende xerar un espazo onde o público sexa protagonista e creador da súa propia experiencia.

Artista: Cristina González Larriba

Ubicación: Auditorio

Horario continuado: 20:30 a 22:30 h

Para todos os públicos

Aforo: 12 persoas

* **Laboratorio de experimentación artística "Paisaxes de luz"**: Invitaremos a investigar a luz como ferramenta de creación artística e creativa, utilizando diferentes procesos e medios de proxección.

Artista: Cristina González Larriba

Ubicación: Auditorio

Horario: 23:15 a 01:00 h

Público adulto

Aforo: 8 persoas por quenda (quendas de 30 min)

* **Laboratorio artístico "Pim, pam, pum: ¡Tela, papel, tesoiras!"**: A través deste laboratorio artístico conectamos coa relación de arte, inventiva e ciencia, a través da realización de tres obras colaborativas e simultáneas, que se irán desenvolvendo ao longo do tempo do laboratorio.

Artista: Iria Vázquez

Horario continuado: 20:30 a 22:30 h

Número sesións: 3 de 45 minutos

Público familiar

Aforo: 12 persoas por sesión

Recomendacións: levar roupa cómoda e traer materiais cotiás en desuso.

Estuche persoal con: Lápiz (lápiz), goma, afila-lápiz, tesoiras, lápices de cores (cores) ou rotuladores, 2 recipientes de yogur (iogur), un retal de tea. Obxeto (obxecto) en desuso · Libro para reciclar, camiseta ampla ou mandilón.



* **Laboratorio de movemento:** A partir da instalación "Sombras" producida por Arte y Garabato, e respectando a espontaneidade das persoas transeúntes, proporanse unha series de xogos que involucren o movemento natural coa iluminación. A través das sombras de cores proxectadas na parede, e tendo en conta a distancia de seguridade, poderanse crear imaxes de persoas a distintos tamaños segundo a proximidade coa luz. Nese momento a creatividade do público é esencial.

Artista: Marcia Vázquez

Ubicación: Auditorio

Dous pases de 15 minutos: 21:15 e 22:15 h.

Para todos os públicos

Aforo: 12 persoas

* **Circo contemporáneo "Analepsis":** Escea Retrospectiva, "ANALEPSIS", propón a historia conectando momentos distintos e trasladando a acción ao pasado.

Artista: Paula Quintas

Ubicación: Lateral exterior do museo

Horario: 2 pases de 20 minutos, ás. 20:45 e 21:30 h

Para todos os públicos

Aforo: 60 persoas en cadeiras

* **Obradoiro de fotografía:** Para este obradoiro imos usar aqueles dispositivos dos que dispoñamos que poidan xerar fotografías. Dende un móbil, unha cámara, etc.. para, dende o propio Museo e o propio Samil, se xenere un traballo común baseado no propio territorio, nas cores do lugar, etc.. construíndo unha obra feita de tódolos traballos das asistentes ao obradoiro.

Artista: Javier Fernández Pérez de Lis

Ubicación: Comiteca + exterior

Horario: 20:30 a 22:30 h

Público: Familiar

Aforo: Dez persoas por quenda. Quendas de media hora, con pausa de 15 minutos.

* **Proxección fotografía contemporánea "Todas xuntas":** TODAS XUNTAS é unha proposta de traballo que engloba diferentes proxectos e propostas de artistas, principalmente galegos, que traballan coa fotografía. Despois de ser declarado o Estado de Alarma do pasado mes de marzo, e vernos en certa medida a restrinxir os nosos movementos, traballos, e formas de expresión, moitas artistas buscaron diferentes vías para seguir construíndo, seguir traballando ou probando diferentes ferramentas ás que poder usar como traballo ou experimentación. A proxección estará acompañada por música feita durante o mesmo período por algún artista local.

Traballos de diferentes artistas proxectados en *loop*.

Ubicación: xardín exterior

Horario: 23:00 a 01:00 h.



*** Proxecto Live Pixel da artista visual Marta Verde e o artista multimedia Juanma LoDo:**

Live Pixel é o proxecto de Live AV da artista visual Marta Verde e o artista multimedia Juanma LoDo . Este proxecto aúna a experiencia e levan ao directo o seu saber facer en materia AudioVisual .

Nas súas *performances* poñen ao mesmo nivel o son e o visual, un diálogo creativo que se materializa nun *live set* onde o video e o son se retroalimentan. Ao contrario do que ocorre nun *AV live* convencional, a imaxe se deconstrúe mediante algoritmos en tempo real alimentados por caixas de ritmo e sintetizadores, samplers, loops e instrumentos electrónicos de todo tipo.

#píxelmuerto (visualistas)

Como visualistas toman o nome de *pixel muerto*, un guiño á cultura dixital, aos erros dixitais.

Amantes e expertos no dixital e na estética *glitch*, ambos artistas teñen unha longa traxectoria proxectando en todo tipo de eventos, sobre todo tipo de pantallas e superficies de proxección. Acompañando a outros artistas ou creando imaxes e visualizando a música dos seus propios proxectos.

*** Mural colectivo**

Poderás deixar a túa pegada nos cristais do vestíbulo do museo, respondendo a unha pregunta/reflexión actual.

Ubicación: vestíbulo

Horario: 20:00 a 01:00 h

Público: Tódolos públicos